



# Percorrido día do Medio Ambiente 2019.

8xuno


SGHN




Ponte da Cruz S. XII - XVI




Serra da Pena Corneira.  
Monumento natural.



Pazos de Arenteiro. S. XVI - XVIII



Igrexa de Sta Maria de Lamas  
S. XIII



Igrexa de  
Sto. Tomé de Serantes S. XIII

**Ponte da Cruz.** Ponte que se eleva sobre das augas do Río Ávia. Foi obxecto de estragos na Guerra da Independencia, na que desempeñou un papel decisivo na defensa da vila. Conserva so unha das catro arcadas coas que contaba, que evidencia a monumentalidade da estrutura e a importancia que ostentaba no tráfico comercial que unía Pazos co Ribeiro.

**Pazos de Arenteiro.** Declarado conxunto histórico-artístico, atópase na confluencia dos ríos Ávia e Arenteiro. Lugar escollido pola nobreza do viño que construíu na vila casas fidalgas e señoriais. Entre os seus monumentos atopámonos a Igrexa de San Salvador ou pazos como o dos Cervela, Pazo da Encomenda, Pazo de Feixoo

**Ponte do Santo Sepulcro.** Situada no camiño que levaba de Pazos a Pontevedra salva as augas do río Arenteiro. Presenta un robusto machón do que arrancan os dous arcos. Sobre a clave do arco maior apréciase a Cruz do Santo Sepulcro e o relieve dun Santo.

**Sto Tomé de Serantes.** Igrexa de estilo románico rural galego, dunha soa nave rectangular, teitada en madeira, que remata nun espazo cabeceiro cuberto con bóveda de cañón apuntada. Na fachada conta cun monumental rosetón de tracería románica e quitechovias que protexe o vano de ingreso.

**Sta M<sup>a</sup> de Lamas.** Érguese según a tradición nas proximidades dun castelo desaparecido no que se supón estivo cautivo Alfonso VIII. A construción, de extrema sinxeleza, presenta a clásica tipoloxía rural do románico galego, con cuberta de madeira rematada na cabeceira con testeiro plano.

**Pena Corneira.** Declarada Monumento Natural no ano 2007 constitúe unha prolongación ó noroeste da Serrada Suido, cunha paisaxe de gran riqueza xeolóxica e natural.